

# **O MAL DA VACA**

**Begoña García Ferreiro**

Premio do xurado

## **PERSONAXES**

COSME  
ERNESTO  
LAURINA  
XEILA MARÍA  
MARELA

## 1. A VISITA

*(Afastada da perdida carretera secundaria chamada «principal» por aqueles lares, entre grandes extensións de verdes prados e pequenos regatos, divísase entre a choiva cada vez máis intensa unha casa vella no medio de ningures, onde viven un vello e a súa filla solteira, aínda chamada polo diminutivo infantil. O señor don Cosme Oreiro e a súa filla Lauriña falan a carón da cociña de ferro. Soa o teléfono no corredor e don Cosme vai collelo).*

COSME: Si? Quen é?

ERNESTO: Ola, señor Cosme? Son Ernesto, o veterinario.  
Que tal vai todo por aí?

COSME: Ola, don vostede, señor veterinario. Por aquí como sempre, chovendo que non para. Dígame, que eu escoito.

ERNESTO: Moi ben. Chamaba para acordar a seguinte cita, hai que volver facerlle a revisión a toda a explotación, cando lle vén ben? Os de Santiago xa me pediron a

carta verde, así que cando me diga, eu achégome ata aí, e facemos a visita. Agora que penso, que tal lle vai a Marela, foi mellor coas pímulas que lle dei? Deullas?

COSME: Agora mesmo non lle podo falar, que teño aquí a de Servizos Sociais do concello. Chámolle para aí cando remate, parécelle.

ERNESTO: Sen problema, Cosme. Ata despois.

*(Colga o teléfono e volve a cociña).*

COSME: Ai, Lauriña, non sei como comer isto.

LAURIÑA: Comendo, papá, comendo. Eu nunca lle fun de mentir. Séntese, que lle fago un *nescafé*.

COSME: Mellor será, si.

LAURIÑA: E despois hai que chamar o veterinario, non sei que lle podemos dicir, que está vostede enfermo ou algo, e que non pode vir. Por iso chamaba, non si?

COSME: Si. Pero non, que estou enfermo, non, con iso non se xoga. E aínda vai ser verdade, eu non sei como comer isto.

LAURIÑA: E volta, papá. Tome o *nescafé*, que xa pensarei eu en algo.

COSME: Pero que estou enfermo, non llo digas. Con este demo que nosveu non se pode andar buscando máis problemas. Eu xa vou vello, miña filla, e non sei que será de ti, de min, da casa, de todas as... *(Cala)*.

LAURIÑA: Outra mentira se nos ocorrerá, vostede non se preocupe. Non se quere ir deitar un pouco? Xa me encargo eu disto. Pero enténdame, quería que o soubera.

COSME: Claro que si, filliña, claro que si.

LAURIÑA: Ande, váiase deitar.

COSME: Mellor será.

*(Don Cosme bebe o nescafé e marcha ao cuarto de arriba).*

## 2. CON CITA PREVIA

*(Entre o ruído dos secadores e o chascar das tesoiras cortando pelo aquí e alá, ás veces pódese escoitar falar a Hernando Salvador, declarando vinganza a Paulina María pola súa infidelidade, na telenovela das tres e media. Fai acto de presenza o teléfono, que soa insistentemente na perrucaría Estilo).*

XEILA: Perrucaría Estilo, dígame? Aténdelle Xeila María.

LAURIÑA: Ola Xeila, son Laura Oreiro, estás moi ocupada?

XEILA: Ola Lauriña! A verdade é que non moito. Teño aquí a Lola de Quintáns cunha permanente, Sonia estalle cortando as puntas á filla, e despois teño unha limpeza de cutes para as sete. Con previa cita nada máis. Que te querías facer? Xa hai tempo que non vés a poñer as mechas, non si?

LAURIÑA: A verdade é que si.

XEILA: Douche vez para as cinco?

LAURIÑA: Eu é que quería falarche dun asunto.

XEILA: Para ir á reunión dos *taperweares* que fai Casilda da Curra? Eu non quero saber nada, xa lle merquei un cento e total veñen ser igual que os do *Todo a Cen*, pero moito máis caros. Por axudar eu mércolle, pero non se pode abusar así dunha. E falando de abusar...

LAURIÑA: Non, muller, é por outra cousa.

XEILA: Entón? Pasou algo?

LAURIÑA: Non, nada... Mellor vou ata aí, que non me gusta falar polo teléfono.

XEILA: Co que me gusta a min, se non fora polas facturas, claro. Pois non gastes máis e ata despois, e xa veremos se che facemos algo no pelo, hai que poñerse guapas, Lauriña, e atopar un bo mozo en Santa Comba! Por certo, que Luís de Meirás xa non está coa moza, ese éche un partidazo!

LAURIÑA: Seguro que si. Vale, non te enredo máis. Ata despois. Sobre as cinco estarei aí. *Chao*.

XEILA: *Chao*, Lauriña.

### 3. O VETERINARIO SEMPRE CHAMA DÚAS VECES

*(Soa o teléfono en casa dos Oreiro).*

LAURIÑA: Que día de teléfono, señor! *(Colle)* Si?

ERNESTO: Ola, es Laura? Son Ernesto, o veterinario.

LAURIÑA: Ola Ernesto, como lle vai?

ERNESTO: Ben, pero mellor se non me trataras de vostede, que vindo dunha moza coma ti, faise duro ver que un xa é vello!

LAURIÑA: *Boh*, sabe, sabes que é por costume.

ERNESTO: Si, muller. Anda por aí teu pai?

LAURIÑA: Pois... Non. Foi buscar unhas medicinas á farmacia.

ERNESTO: Vaia. Pero todo ben, non?

LAURIÑA: Imos indo. Pero a el non lle pregunte como vai de saúde, xa sei que non o fai por mal, todo o contrario, pero é que non lle gusta falar do tema.



ERNESTO: Por suposto, non te preocupes. Pero que se coide, que a certa idade un non sabe como vai superar un simple catarro.

LAURIÑA: Grazas, Ernesto. Malo será.

ERNESTO: E como vai a Marela?

LAURIÑA: Exactamente igual que meu pai. Non quere que se lle pregunte.

ERNESTO: *(Rise)* A ver se paso mañá por aí, de acordo? A primeira hora.

LAURIÑA: Que vén sendo así como a partir das once.

ERNESTO: Exactamente, a partir das once en adiante. A ver se deixamos todo a punto para non ter problemas con Sanidade, si?

LAURIÑA: Claro. Ata mañá, xa llo digo eu a meu pai.

ERNESTO: Grazas. Ata mañá.

*(Lauriña colga o teléfono).*

LAURIÑA: Ata mañá, xa veremos. *(Subindo o ton)*. Papá! Vou a perrucaría, en dúas horas como moito estou de volta!

COSME: *(Dende o cuarto)* Vai filliña, vai, *adivértete* un pouco!

LAURIÑA: Ata despois!

*(Marcha).*

#### 4. XÚROCHO

*(Chove a cachón sobre o coche de Lauriña, que lle dá a máxima velocidade aos limpas e aínda así apenas ve, coa tromba de auga que está a caer. Intenta sintonizar algunha emisora de radio, finalmente colle o principio da canción «Suspicious mind» de Elvis Presley, que tanto lle gusta. Sobe o volume ao máximo e canta como unha tola, amparada polo estrondo da chuvia e a soidade do coche. Finalmente para e apaga o motor. Un suspiro e Lauriña baixa do coche para entrar na perrucaría Estilo).*

LAURIÑA: Ola, boas tardes.

XEILA: Ola Lauriña, canto tempo! *(Danse dous bicos)*.

LAURIÑA: *(Namentres quita o abrigo)* Como chove!

XEILA: Chegou con forza o inverno!

LAURIÑA: Pero que ben estás aquí con esta calorciña, na casa non se para co frío que vai. E non tes a Sonia?

XEILA: Só de lavacabezas, non é moi espelida, a pobre. E mandeina para a casa, co que hai que facer aquí, eu

soíña me basto... Ata as sete non me vén a da limpeza de cutes, se é que vén, que esa non é moi de fiar.

LAURIÑA: Malo será, muller.

XEILA: Senta aquí.

LAURIÑA: Grazas.

XEILA: Xa que viñeches podíamos facerche algo. Non queres darlle un pouco de brillo a ese cabelo cunhas mechiñas? Mira que paleta de cores. Son o último, todo un éxito. Este caoba lévase moitísimo.

LAURIÑA: Non teño nin ganas de acicalarme, muller, todo o día na casa con meu pai, ou cas vacas... E con este tempo tan tristeiro, sempre chovendo, non ten unha ganas de nada.

XEILA: Con máis razón, muller, darse unha alegría de cando en vez. Sempre lle senta ben a unha verse guapa no espello.

LAURIÑA: Xa nunca che fun moi presumida.

XEILA: Co feitiña que ti es, Lauriña, tiñas que coidarte un pouco e buscar un mozo. Xa che dixen que Luís o de Meirás anda libre? Está tremendo ese home, eu porque estou con Pablo, que senón aínda ía buscalo polos pubs de Santa Comba.

LAURIÑA: Sabes que eu non son de saír. Dende o instituto, e xa onde van eses tempos...

XEILA: Porque non queres.

LAURIÑA: Porque non quero. É verdade. A onde vou eu...

XEILA: Pois as unllas, polo menos.

LAURIÑA: Ai non, iso non, moita grima me dá que me anden nas mans e nas unllas.

XEILA: Pois nada, muller, non sei que máis ofrecerche.

LAURIÑA: Xeila, eu viña falarche dunha cousa. Non podemos falar nun sitio máis recollido? Se queres agardo a que saias e falamos no coche.

XEILA: Ai, Laura, estasme poñendo nerviosa. Pasou algo malo?

LAURIÑA: Raro, pasou algo moi raro, Xeila.

XEILA: A ver, pois non sei... Pasa ao cuarto de estética. (*Pecha a porta*). Senta aí. Pois ti dirás.

LAURIÑA: Non sei como dicirche... Isto non llo podes contar a ninguén, vale?

XEILA: Vale.

LAURIÑA: Vale. Eu sei que ti es unha persoa moi sensible, e que certas cousas podes comprender mellor que ninguén, va que si?

XEILA: Non sei. É que non sei de que me falas, Lauriña. Sóltao xa.

LAURIÑA: E que non podo, teño que intentar explicarme primeiro.

XEILA: Tes falta de depilar?

LAURIÑA: Que?

XEILA: Non podo estar sen facer nada, e estasme poñendo tan mal... Tes falta de depilar ou non?

LAURIÑA: Si, pero eu quero falarche dun asunto moi importante.

XEILA: Quita os pantalóns e vouche facendo as pernas namentres pensas ou falas ou non sei, nesta situación eu teño que facer algo.

LAURIÑA: Non te asustes. Hai moito tempo que non fago a cera. Agora en inverno...

XEILA: Teño visto de todo, se eu che contara... Non me vou asustar, tranquila.

*(Lauriña quita os pantalóns. Xeila comeza a facerlle a cera).*

LAURIÑA: Ai!

XEILA: Está moi quente?

LAURIÑA: Un pouco si, pero non importa. Xeila, o caso é que creo que só ti podes entender o que me pasou estes días.

XEILA: Dime. Faremos as ínguas tamén?

LAURIÑA: Xa que estamos en faena, dálle a todo. *(Óese como as bandas de cera arrincan os pelos)*. A meu pai díxenlle algo, porque eu xa non podía aguantar.

XEILA: Que pasou, Lauriña?

LAURIÑA: A Marela era a nosa vaca preferida, ti non o sabes pero era tan cariñosa que meu pai e eu queríamola moito, chamabas «Marela» e ela viña, era case coma un canciño grande, que boa, moito lle gustaban os aloumiños. A ela non a tratábamos coma ás demais.

XEILA: Meus avós tiñan unha igual. Chamabámola Paloma. Era preciosa. Matouna un coche case diante da casa. Meu avó viña de levalas a pastar no prado que tiña en Arcos, e na recta diante da casa un mamón que viña embalado non lle deu tempo a frear e levou xusto a Paloma por diante... Nós vímolos todo, foi horrible.

LAURIÑA: Que pena. Non o sabía.

XEILA: Eu era moi pequena. Pero aínda é hoxe que me lembro. Meus avós enterrárona na eira e puxéronlle flores e todo na tumba. Queríana moito. Pero cóntame ti, que senón eu non paro!

LAURIÑA: Non o vas crer, pero xúroche que é verdade. A Marela enfermou, notámolo moi pronto, andaba triste, non comía, tiña a mirada moi turbia, ata con rancor ou algo, non sei. Unha vaca con rancor, xa sei, pero é verdade. Chamamos o veterinario e veu mirala, deunos unhas pílulas para darlle, e eu deillas, pero non sei que pasou, que o día seguinte cando fun ver como estaba ela miroume con eses ollos grandazos, e dixo: «Tou de vós ata a coronilla, cajo no demo».

XEILA: Como?

LAURIÑA: Xúrocho. A vaca falou. Que me parta un raio e me mate agora mesmo se minto.

XEILA: Non, muller... Falou como o Míster Ed?

LAURIÑA: Que Míster Ed? O cabalo da tele?

XEILA: O mesmo. *(Canta)*. O cabalo falou, falou...

LAURIÑA: Que cabalo da tele nin que hostias, Xeila. Estou falando en serio. A Marela falou, e ademais dixo o que dixo: «Tou de vós ata a coronilla, cajo no demo». E iso non ten sentido ningún, se a tratamos mellor que a todas as demais xuntas!

XEILA: Déixasme aberta de peito, non sei como comer isto.

LAURIÑA: Outra máis. Dimo a min, que foi a quen lle falou!

XEILA: Dá a volta, que cha fago por detrás. E volveu falar?

LAURIÑA: Polos cóbados, Xeila. Púxome verde a min, a meu pai, ao veterinario, todo do que podía falar falou, e mal. Ai!

XEILA: Perdoa.

LAURIÑA: Nada. Está tola esa vaca, porque se a nosa Marela falara non diría esas cousas, ou penso que non... A min tan pronto me vía entrar na corte dicíame «Xa estás aquí, malnacida, non terás outra cousa que facer?».

XEILA: Déixasme dun barreno.

LAURIÑA: Xúrocho, por estas (*bica os dedos en sinal de xuramento*). Eu non sei de onde sacou tanto rancor esa vaca. Primeiro pensei que a miña cabeciña xa non rexía, que escoitaba cousas que non eran, pero de verdade que non, Xeila, cando a Marela falaba as demais vacas tamén a miraban raro...

XEILA: Os animais son moi intelixentes.

LAURIÑA: Eu intentei razoar con ela varias veces dende a porta, non fora que me collera de cerca e se botara a min, calquera sabe que intención tiña, nunca turrrou, mais tamén nunca falara! Eu dicíalle: «Pero Marela, que tes?», e ela, coma se se indignara, miraba para outro lado e nin *mu*. Entón, cando eu menos contaba, arrincaba a maldicir, que se eu non merecía vivir, que había de morrer soa coma un can, que se papá nunca fixera nada ben na vida e que o tiña que levar un cancro que o fixera sufrir, que así había de aprender... Non sei, Xeila, tantas barbaridades xuntas que non quero lembrar, que barbaridades, señor, que mal lle fixemos nós a esa vaquiña, se sempre a coidamos como a unha persoa?

XEILA: O único que lle dá explicación é que se lle metera no corpo un espírito de morto, e que vos queira facer mal. Nunca souben de casos de animais, pero todo pode ser.

LAURIÑA: Todo pode ser, dígocho eu. E bastante mal nos fixo, eu deille un desgusto a meu pai que non sei se me perdoará algunha vez no que lle queda de vida. Non debín dicirlle nada, pero xa non podía máis, non podía.

XEILA: Déixasma ver, a ver se a min me di algo?

LAURIÑA: E que aínda non acabou o conto. Esta mañá cedo cando fun levarlles herba, da Marela nin rastro. Non sei como abriu a porta da corte e o cancelo da finca, eu tiña todo ben pechado. Non sei onde puido ir.

XEILA: A saber. A onde por ir unha vaca que fala?

LAURIÑA: E mañá ha de vir o veterinario, a ver como lle explico que nos falta a Marela. Xa verás, aínda Sanidade nos ha quitar a explotación.

XEILA: Non, muller, iso non.

LAURIÑA: Ai, Xeila, onde se viu que as vacas falen e boten a porta fóra!

XEILA: Tranquila, muller, se houbera unha vaca falando pola aldea adiante xa estaríamos máis que sabedores.

LAURIÑA: Tamén tes razón.

XEILA: Listo. Xa te podes vestir.

LAURIÑA: Grazas. Parece que unha vai máis lixeira sen tantos quilos de pelo.

XEILA: Que esaxerada es, muller. Pero falta si que tiñas, a verdade ten que ser dita.



LAURIÑA: Onde estará esa condenada? Porque se non a atopo, malo, a saber o que pode andar a dicir ou a facer, e a saber en que problemas nos mete co veterinario. E se aparece e non lle fala a ninguén máis, e que me levan para Conxo dereitiña, Xeila, e xuro por Deus que isto pasou, unha cristiá non xura en van, e non o soñei, nin estaba borracha, que eu non bebo. Ti cresme?

XEILA: Claro que si, Lauriña, claro que si.

LAURIÑA: Non me deas a razón coma os tolos!

XEILA: Non, muller, non... Iso ten que ser un espírito ruín. A vaca andaba enferma, débil, o espírito do morto non encontrou outra cousa e zas! Meteuse nela. Esa ten que ser a explicación.

LAURIÑA: Eu non sei cal é a explicación, Xeila, pero eu aínda rixo ben.

XEILA: Cálmate. Imos facer unha cousa. Pecho o local e imos ver se a vaca volveu, o mellor andaba pola finca adiante e non a viches. Hai que botar a ese espírito fóra da vaca, ela non ten culpa, coitada.

LAURIÑA: Algo destas cousas ti entendes, verdade? Dicían por aí que sentías presenzas.

XEILA: Iso é outra cousa. Pero a ver se aínda andamos en tempo, Lauriña, con estas cousas non se xoga, ese espírito non parece nada bo.

LAURIÑA: Non, cousa boa non é. Imos, entón?

XEILA: Imos.

LAURIÑA: E a da limpeza de cute?

XEILA: Xa virá outro día, se quere. Veña, andando.

*(Xeila apaga as luces da perrucaría e pecha a porta. Soben ao coche que arrinca e se afasta).*

## 5. POLO BEN DA NENA

*(Don Cosme aproveita que está só na casa para chamar por teléfono).*

COSME: Boas tardes, está o señor don veterinario, Ernesto Rial?

ERNESTO: Si, son eu. É vostede, señor Cosme?

COSME: Si, son eu, don vostede, Ernesto. Chamáballe para ver cando pode vir por aquí.

ERNESTO: Non lle dixo a súa filla? Chamei antes para dicir que se non teñen problema, vou mañá pola mañá.

COSME: Sobre as once?

ERNESTO: Sobre as once ou así, si. Parécelle ben?

COSME: Si, señor don Ernesto, paréceme ben, veña cando queira. Pero quería falarlle dunha cousa importante, podo dicirla agora?

ERNESTO: Dígame.

COSME: É sobre a miña filla, e teño que aproveitar que saíu un momento.

ERNESTO: Escoito.

COSME: Non podo andarme con reviravoltas, e téñoillo que dicir a alguén. Vaime gardar o segredo, don Ernesto? Eu téñoille a vostede un grandísimo respecto.

ERNESTO: Grazas, Cosme. Si, supoño que si. Pero de que se trata?

COSME: A miña Lauriña toleou, deulle un siroco e toleou.

ERNESTO: Como di? Pero se falei con ela hoxe.

COSME: Que non rexe, señor don Ernesto, dígollo de verdade, que me parta un raio e me mate agora mesmo se minto.

ERNESTO: Non se altere, don Cosme. Pero que pasou?

COSME: Escoite, sei que vostede non é médico de persoas, pero ao centro de saúde non podo ir, que despois todo se sabe. E miña Lauriña non merece que toda a aldea ande falando dela, e como aínda está solteira, xa sabe como é a xente, a saber que se inventan.

ERNESTO: Claro.

COSME: Iso non o esquecerán nunca, non, ese *sanbenito* élle imposible de quitar, a ver despois como fai vida a miña Lauriña, non haberá quen se lle arrime. A min xa non me queda moito, pero ela ten toda a vida por diante, e cando eu non estea, seguro ha de buscar algún querido, que ela lle é moi feitiña aínda que sempre ande con roupa de traballar. Homes que se lle queiran arrimar non han faltar.

ERNESTO: Claro que non, señor Cosme, ela é moi traballadora e moi guapa.

COSME: Claro que si, claro que si. E moi limpa.

ERNESTO: Si. Entón?

COSME: Por iso quería lle pedir axuda, don vostede, que coñece a tanta xente en Santiago, se me pode mandar da súa parte algún médico de confianza, e dos bos. Polos cartos non se preocupe, eu teño aforrado para deixar pagado o enterro e mais para Lauriña, que non quero que pase penurias, por iso non hai problema, que eu nunca quedei a deber en sitio ningún.

ERNESTO: Claro que non.

COSME: Pois que me di?

ERNESTO: Teño que pensar a ver con quen podo falar. Así, de súpeto, non se me ocorre ninguén.

COSME: Vostede pense hoxe. E mañá, que xa vostede vén por aquí, falamos un momento. Se xa viñera co médico mellor que mellor, eu non sei por que se lle dará a esta miña filla.

ERNESTO: Pero tan mal está?

COSME: Quen pensaría que isto ía pasar. Desgraza do demo, co ben que estabamos. Non sei que pasou, don Ernesto, dende hai unhas semanas que eu vía que estaba rara, pero pensei que serían cousas de mulleres... Quen o ía pensar. E non sei polo que se lle dará, estar está tranquila pero di cousas que non son deste mundo, señor Ernesto.

ERNESTO: E logo, que cousas di, señor Cosme?

COSME: Sabe a nosa Marela, que andaba un pouco enferma, vostede veu mirala, non si?

ERNESTO: Si, e receteille unhas cousas para que llas dera. Deullas?

COSME: Deullas Lauriña. Pero despois todo cambiou, non sei como nin por que, e agora Lauriña fala da Marela coma se fose unha persoa, pero non sei que lle fixo, don veterinario, non sei que pasou, ela está tan rara, e agora non sei que fixo coa vaca.

ERNESTO: Como? Que fixo coa vaca?

COSME: Non sei onde a enterrou, aínda estou buscando o sitio. Lauriña é lista, e que non rexa non quere dicir que sexa parva.

ERNESTO: Pero non entendo, don Cosme. Morreu a vaca e Lauriña enterrouna por aí? Iso sabe que non se pode facer, anda Sanidade mirando o da lingua, temos que saber de que morreu.

COSME: Ela di que non morreu, don Ernesto, di que a vaca lle falou e que nos insultou e que botou a porta fóra, e que non sabe onde foi.

ERNESTO: Como? Non entendín ben, fallou a liña. Don Cosme? Don Cosme?

*(Ernesto fala só. Ao outro lado do teléfono xa non hai ninguén).*

## 6. BÓTATE FÓRA

*(Chega o coche con Lauriña e Xeila á casa dos Oreiro).*

LAURIÑA: Xa chegamos. É aquí.

XEILA: Que negrura de noite, non se ve nada.

LAURIÑA: Alomenos escampou. Vou acender a luz de diante da casa, a ver se vemos algo mellor. Deixa as luces do coche tamén.

XEILA: Vale *(dálle a bucina sen querer)*. Perdoa. Agardo aquí por ti?

LAURIÑA: Como queiras. Tamén vou coller unhas lanternas, por se acaso.

COSME: *(Dende a casa)*. Quen anda aí?!

LAURIÑA: Son eu, papá! Vin con Xeila, a da perrucaría, a ver se atopamos a Marela.

COSME: Para que andas metendo a persoas que non son da familia no asunto, Lauriña? Despois todo se sabe.

XEILA: (*Óense os pasos de Xeila, que se achega*) Boas tardes, por non dicir noites, señor Oreiro.

COSME: Boas. Que quería?

XEILA: Nada, señor Cosme, eu viña axudar a buscar a Marela, que me dixo Lauriña que non sabe onde anda.

COSME: Para atopar unha vaca xa chego eu, grazas pero mellor que marche, aquí defendémonos ben.

LAURIÑA: Pero que lle pasa, papá? Xeila veu porque eu llo pedín, ela só quere axudar.

COSME: Traes a lareta da aldea a ver que se coce aquí na casa? Está claro que perdiches todo o sentidiño que tiñas.

LAURIÑA: Pero papá, por que se pon así? Tranquilícese, Xeila é moi boa amiga e ademais entende destas cousas. Non sexa faltón, por favor.

COSME: Estou na miña casa, e aquí mando eu. E se quero que marche, terá que marchar.

XEILA: Claro que si, señor Cosme, non se enfade con Lauriña, que eu xa marcho e aquí non pasou nada.

COSME: Moi ben.

LAURIÑA: Papá! Tes que perdoar, non sei que mosca lle picou, nunca o vin poñerse así con ninguén.

(*Óese unha vaca muxir moi forte*).

COSME: Alá! Alá está a Marela! Ven, Marela, ven aquí, bonitiña!

(*O señor Cosme fai amago de ir prado a través ao encontro da vaca*).

LAURIÑA: Non vaia, papá! Quede aquí, fágame caso, non vaia a xunto dela!

MARELA: Muuuu, muuuu...!!!

XEILA: Polo menos apareceu! A ver agora se fala ou non fala!

COSME: Que vai falar!

LAURIÑA: Dígovos que si! E coidado, que en calquera momento dálle un rauto e a saber que fai.

MARELA: Muuuu, muuuuuu...!!!

XEILA: Vén alguén pola corredeira.

ERNESTO: Boas! Son Ernesto! Señor Cosme, está aí?!

COSME: Aquí, don veterinario, estamos aquí!

LAURIÑA: Non lle diga nada, papá.

COSME: Non.

ERNESTO: Boas tardes. Que, tomando o fresco da noitiña?

COSME: Estamos mirando para a Marela, alá a está.

ERNESTO: Estupendo. Tiñame preocupado, por iso vin, pero vexo que está todo solucionado, don Cosme.

COSME: Máis ou menos si, pero non se me esqueza do que lle pedín.

ERNESTO: Descoide. Quere que lle bote un ollo a vaca, a ver como anda? Teño aquí o maletín.

COSME: Si!

LAURIÑA: Non! Confíe en min, papá, díxenlle a verdade. Quede aquí, Ernesto. Por favor.



COSME: Ai, filliña, non sei que tes... Pero non ves que é a nosa Marela de sempre? Marela, ven! Non teñas medo, bonitiña, ven, Marela, ven!

*(Marela vaise achegando).*

MARELA: Muuuu, muuuuuu...!!!

XEILA: Son eu que vexo mal ou vén trotando coma un cabalo?

ERNESTO: Pero vén desenfreada, apartade que esta vaca non para!

MARELA: Muuuuuu, muuuuuu...!!!

COSME: Sempre foi un pouco brutiña. Frea, Marela, que te espetas! Frea, Marela!!

LAURIÑA: Está posuída, correde para a casa!

COSME: Xo, Marela, xoooo!!!

LAURIÑA: *(Agarrando o pai polo brazo)*. Veña, papá, veña! Aparte de aí! Non ve que vén cara a nós?

ERNESTO: Correde!

*(Ernesto e Xeila botan a correr para meterse na casa dos Oreiro).*

XEILA: Esta vaca ten ao mesmísimo demo metido no corpo!

MARELA: *(Bufando coma un touro salvaxe)*. Muuuuuu!!!  
Desta non te libras, Cosme, toma cornos!!

COSME: Ai!

*(Lauriña non pode salvar ao pai da cornada da Marela, que deixa a don Cosme tirado no chan, co peito ensanguentado).*

LAURIÑA: Papá, papá!!

COSME: *(Cun fio de voz)*. Falou, a vaca falou! E matoume, a moi desgraciada.

LAURIÑA: Papá, papá!! Acudídeme, axiña!! Ai, señor! Papá, aguante! Chamade a un médico!

*(A vaca volve, correndo desenfreada)*.

MARELA: E agora vas ti, lurpia!

LAURIÑA: Ai! Ai! Socorro!

*(Dende a casa Ernesto e Xeila ven a escena, atónitos)*.

XEILA: Deus Santo! Lauriña!! Lanzouna polos aires!!! Temos que ir!

ERNESTO: Non saias se non queres que che cornee a ti tamén. Onde foi? Non se ve nada!

XEILA: Vou chamar a unha ambulancia. Ten o demo dentro, esa vaca ten o demo dentro! Ave María purísima.

ERNESTO: Sen pecado concibida.

XEILA: Non me lembro de máis.

ERNESTO: Por aquí ten que haber unha escopeta.

XEILA: Busque un crucifixo tamén. *(Chama por teléfono)*. Falo co das ambulancias? Ten que vir axiña, hai dúas persoas feridas dunha cornada de vaca. O que oe! Veña axiña! *(Colga)*.

MARELA: Muuuuuuu!!! Ídevos preparando, que agora tócovos a vós, cabróns de merda!

XEILA: *(Berrando)*. Espírito maligno, bótate fóra do corpo da vaca!! Ave María purísima, *alabado sea Dios!* Merda! Non lle dixen ao da ambulancia a onde tiña que vir! *(Volve chamar polo teléfono dos Oreiro)*.

Oia? Veña a casa de Cosme Oreiro, na aldea de Coiro, apartar na ponte a man esquerda, ao final da pista pequena, a única casa que hai. Axiña!

*(Colga).*

ERNESTO: Como non ten unha escopeta, este home?!!

*(Dende fóra, golpeando a porta unha e outra vez).*

MARELA: Muuuuuuuu...!!! Esta porta pronto a fendo...  
Dádevos por fodidos!!

XEILA: *(Berrando histérica).* Espírito maligno, bótate fóra, bótate fóra! *Por la señal de la Santa Cruz, de nuestros enemigos, libranos Señor Dios nuestro. En el nombre del Padre. Y del Hijo, y del Espíritu Santo.*

MARELA: *(Tirando a porta abaixo).* Amén!!

*(A vaca embravecida arrampla con todo e con todos, os gritos histéricos de Xeila e o medo silencioso de Ernesto poñen fin á sede sanguinaria da vaca tola da que nunca máis se soubo. Moi de lonxe escóitase a serea da ambulancia perdéndose entre grandes extensións de negros prados e pequenos regatos, en medio da noite escura).*